



# CCOO INFORMA

## TRIBUTACIÓN DE ATRASOS DO COMPLEMENTO DE PATERNIDADE

A tributación das cantidades percibidas como atrasos do complemento de paternidade para os efectos do IRPF é diferente segundo fose o seu recoñecemento:

### CON SENTENZA XUDICIAL

No caso de que a Seguridade Social se opuxese inicialmente ao pagamento, pero vese obrigada a facelo tras unha sentenza xudicial:

- Os atrasos deberán declararse pola súa totalidade na declaración de IRPF do exercicio en que a dita sentenza adquira firmeza.
- Dado que o normal será que os atrasos se xerases en máis de dous anos, ao computalos no IRPF será aplicable unha redución do 30 % sobre a súa contía.

### SEN SENTENZA XUDICIAL

Cando a Seguridade Social aboa os atrasos do complemento sen necesidade de sentenza xudicial, estes deben incluírse no IRPF dos exercicios en que foron esixibles e que aínda non prescribisen mediante a presentación de declaracións complementarias, sen recargas nin xuros.

Nestes casos, a redución do 30 % non é aplicable.

### EN RESUMO

**Se o cobramento vén determinado por unha sentenza xudicial, os atrasos deben declararse pola súa totalidade no IRPF do ano da súa firmeza. Se é a Seguridade Social a que os aboa sen xuízo, deben presentarse complementarias.**